



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS ERASMUS + KA171 PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO CON TERCEIROS PAÍSES NON ASOCIADOS Ó PROGRAMA PARA O CURSO CURSO 2024-2025

A Universidade de Vigo, como institución elixible trala obtención da ECHE (Erasmus Charter for Higher Education) para participar no programa Erasmus+, presentou proxectos de mobilidade perante o SEPIE no marco da acción Erasmus+ KA171.

Trala aprobación dos proxectos **2022-1-ES01-KA171-HED-000068875 e 2023-1-ES01-KA171-HED-000142119¹**, asinou convenio de colaboración co SEPIE e asinou acordos bilaterais de intercambio de estudantes con institucións de ensino superior dos terceiros países non asociados elixibles para participar neste programa no marco da acción KA171.

En virtude destes convenios e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar bolsas Erasmus+ Estudos da Universidade de Vigo en réxime de concorrencia competitiva destinadas ao estudantado da Universidade de Vigo que desexa cursar estudos no curso 2024-25 nas institucións de ensino superior que aparecen no anexo II desta convocatoria.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [Portal de bolsas](https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas) (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>) da web da Universidade de Vigo.
3. Aplicar a tramitación de urxencia a este procedemento, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, a efectos de poder iniciar as actividades de nominación e trámites previos ao inicio das estadias.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

¹ Estes proxectos están cofinanciados polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR
Por Delegación, R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

Código seguro de Verificación : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

CSV : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DEL POZO TRIVIÑO | FECHA : 20/05/2024 12:41





ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO NO CURSO
2024-25 E NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA171 CON TERCEIROS PAÍSES NON ASOCIADOS
Ó PROGRAMA****1. OBXECTO**

Estas bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de Vigo que cumpra os requisitos indicados para cada unha das prazas, co fin de realizar un período de estudos recoñecido nas universidades participantes no proxecto que figuran no Anexo II.

Esta acción ten por obxectivo internacionalizar e mellorar as capacidades educativas e formativas, así como a empregabilidade de estudantes, fóra dos límites da Unión Europea.

2. REQUISITOS

- a) Estar matriculado/a no curso académico 2023-2024 en algunha das titulacións oficiais de grao, mestrado ou doutoramento que se ofertan na Universidade de Vigo.
- b) O estudiantado **deberá estar matriculado** na Universidade de Vigo no curso académico no que realizará a estadía, o curso 2024-25.
- c) Non realizar máis de 12 meses de estadía Erasmus nas diferentes modalidades (estudos e prácticas) durante o mesmo ciclo de estudos (grao, mestrado ou doutoramento). Por este motivo, non poderá participar nesta convocatoria o estudiantado que gozou con anterioridade dunha estadía superior a 9 meses no mesmo ciclo de estudos.
Compútanse como realizadas no grao as bolsas Erasmus realizadas nun Ciclo Superior de Formación Profesional.
- d) O número mínimo de créditos que se incluírán no acordo de estudos será de 36 créditos para mobilidades anuais e de 18 créditos e para mobilidades semestrais. Poderán incluír menos créditos:
 - a. Estudiantado con discapacidade recoñecida de máis do 65 %.
 - b. Estudiantado con necesidades de apoio educativo adscrito ao programa PIUNE, previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
 - c. Estudiantado de programas de doutoramento. Neste caso, o estudiantado realizará traballo de investigación para a súa tese polo que non será preciso a inclusión de créditos no seu programa de traballo.
- e) Cumprir cos requisitos específicos da oferta para cada país asociado relacionados no anexo II.
- f) Certificación dun nivel mínimo de B1 para os países nos que non se imparta docencia en castelán. Se no anexo II se require un nivel superior, o estudiantado deberá cumprir con este requisito.
- g) Non poderán obter a condición de beneficiarias da bolsa Erasmus+ as persoas nas quen concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións como declaran na solicitude de participación nesta convocatoria.

3. MODALIDADE DAS ESTADÍAS

Estas bolsas encádranse na acción Erasmus+ Estudos.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

4. DURACIÓN DAS ESTADÍAS

As bolsas terán unha duración mínima de dous meses e máxima de doce segundo establece o programa Erasmus. O número de meses máximo financiado por estadía encóntrase detallado no anexo II.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **89 660 €** (75 740 € do proxecto de 2022 e 13 920 € do proxecto de 2023) en dúas anualidades para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito:

- En 2024, na aplicación orzamentaria 2024ORI1121DEXT482.10 un total de **71.728 €**
- En 2025, na aplicación orzamentaria 2025ORI1121DEXT482.10 un total de **17.932 €**

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de que o financiamento do SEPIE supere o crédito retido para esta convocatoria ou pola posibilidade de transferir a esta partida de bolsas fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade de Vigo e SEPIE. O incremento do crédito nas condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, permite fixar unha contía adicional que queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á aprobación previa da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no [Portal de bolsas](#), con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

O financiamento para as bolsas á mobilidade ao abeiro desta convocatoria procede de fondos da Comisión Europea, que se xestionan polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación. Compóñense dunha axuda de viaxe e dunha axuda individual segundo as seguintes táboas:

a. Contía por apoio individual para a mobilidade física:

Grupo de país	País	BOLSA ERASMUS+	BOLSA ERASMUS+ menos oportunidades**
Terceiros países non asociados ó programa	Rexións 1-12 https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/program-me-guide/part-a/eligible-countries	700 €*	950 €*



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

*No caso de meses incompletos, calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.

** Considérase estudantado con menos oportunidades:

- O estudantado bolsreiro do MEFP ou do Departamento de Educación do País Vasco no curso inmediatamente anterior á realizar a mobilidade, curso 2023-24.
- O estudantado que teña recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior a un 33 %. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos pola persoa participante mediante a presentación de facturas polos seguintes conceptos: transporte, acompañantes, servizos profesionais, outro tipo de gastos derivados da mobilidade.
- O estudantado que teña a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentada unha solicitude de protección internacional en España.
- O estudantado que estea en risco de exclusión social.
- O estudantado orfo ou membro de familias numerosas ou monoparentais.
- O estudantado con dependentes ao seu cargo.

b. Contía por viaxe:

DISTANCIA DE VIAXE	CONTÍA	No caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	23 € por participante	
Entre 100 e 499 Km.	180 € por participante	210 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	275 € por participante	320 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	360 € por participante	410 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	530 € por participante	610 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	820 € por participante	
8000 Km. ou máis	1500 € por participante	

*As persoas beneficiarias que realicen a viaxe de ida e volta nun medio de transporte público e colectivo (tren o autobús) ou coche compartido, recibirán unha axuda de viaxe adicional segundo o tramo de distancia, sempre e cando realicen o traxecto principal de ida e volta en transporte ecolóxico. As persoas que opten polo desprazamento ecolóxico poderá recibir ata un máximo 4 días de apoio individual adicional para cubrir os días de viaxe nun traxecto de ida e volta se procede.

No caso de realizar máis dunha estada, unha a continuación da outra, sen regresar á Universidade de Vigo tras realizar a primeira estada, o importe da axuda de viaxe pode variar. A persoa beneficiaria deberá informar á ORI coa debida anticipación para modificar o importe da axuda adxudicada de ser necesario.

Para calcular a distancia en quilómetros dende a Universidade de Vigo ata a cidade de destino, empregarase a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, dispoñible na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

A bolsa aboarase en tres prazos:

- Primeiro prazo: a persoa participante recibirá o importe íntegro correspondente á bolsa de viaxe, unha vez asinado o convenio entre a Universidade de Vigo e a persoa participante e tras recibir a confirmación de aceptación por parte da universidade de destino.
- Segundo prazo: corresponderase co 80 % da bolsa de apoio individual, que se ingresara á persoa participante trala recepción do seu documento de chegada asinado pola universidade de destino.
- Terceiro prazo: correspondente ao 20 % restante, se procede. Tramitarase ao finalizar a estadía, tras a entrega de toda a documentación xustificativa e tras realizar a persoa participante a enquisa UE (EU Survey).

De non cumprir coas obrigas establecidas antes da estadía entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda económica.

- c. **Apoio á inclusión:** O persoal participante que acredite unha situación legal de discapacidade igual ou superior a un 33 % poderá optar a unha axuda adicional destinada a cubrir os gastos reais da estadía. Unha vez seleccionado/a, a persoa deberá comunicar a súa situación á Oficina de Relacións Internacionais ao enderezo erasmuska107@uvigo.gal no caso de precisar esta axuda adicional.
- d. Poderá realizarse a actividade **sen dotación económica, bolsa cero**, nos seguintes casos:
- Estar na lista de agarda e expresar o interese por realizar a estadía.
 - Calquera outra situación da que o/a participante deberá informar a Oficina de Relacións Internacionais antes de realizar a estadía.

No caso de ter realizada a mobilidade con bolsa cero, non poderá concederse axuda económica con carácter retroactivo.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e finalizará o **5 de xuño de 2024** ás 23:59 (hora peninsular española).

As persoas candidatas deberán cubrir o formulario de solicitude a través da plataforma MoveON <https://uvigo.moveon4.de/form/6516c4d88e485bfa46065775/gal> xunto coa seguinte documentación:

- Documentación acreditativa dos requisitos específicos e méritos alegados conforme ao anexo II
- No caso de estudantes de doutoramento, proposta de mobilidade/Plan de actividades, segundo, anexo III, asinado polo/a director/a de tese
- Certificacións de coñecementos de idiomas (mínimo B1 de inglés e de ser necesario un nivel superior, consultar o anexo II). Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación de certificacións oficiais:



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

O coñecemento de idiomas deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais:

https://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas_ACLES/Tablas_de_certificados_reconocidos_por_ACL_ES_2023_02_03.pdf

Para os efectos de comunicación, as persoas solicitantes deberán facilitar unicamente o enderezo de correo electrónico do dominio alumnos.uvigo.es.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando alegacións mediante a [instancia xenérica SXER](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais, a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de selección correspondente segundo a puntuación establecida no anexo II.

Efectuada a selección polas comisións correspondentes, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas, excluídas coa mención da causa de exclusión e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución. As alegacións deberán presentarse a través da [sede electrónica da Universidade de Vigo \(https://sede.uvigo.gal\)](#) mediante o procedemento [SXER Instancia xenérica SXER](#), e dirixirse á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións polas comisións, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas, denegadas coa causa de exclusión e en lista de agarda, se procede, á Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación.

Os datos do estudantado seleccionado serán enviados ás universidades socias. Estas xestionarán a súa admisión e selección de maneira definitiva.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións ás que se refire este punto publicaranse na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [portal de bolsas](#)



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

(<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>) da web da universidade e na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán aceptar a concesión da bolsa no prazo de **5 días hábiles** desde a publicación da resolución definitiva de adxudicación do destino, mediante MOVEON.

O estudantado en lista de agarda que resulte seleccionado con posterioridade a este prazo, debido á renuncia de estudantado seleccionado previamente, deberá aceptar a bolsa seguindo o mesmo procedemento.

Toda renuncia a unha bolsa xa aceptada con anterioridade, deberá comunicarse por escrito a erasmuska107@uvigo.gal para que o persoal da Oficina de Relacións Internacionais poida modificar a información en MoveON.

9. INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

- A contía percibida non poderá ser utilizada para cubrir gastos similares que se financien con outros fondos da Unión Europea.
- Non pode participar nesta acción o estudantado de intercambio, internacional ou nacional, que realiza unha estadía na Universidade de Vigo.
- Non poderá realizarse a estadía nun país onde está establecida a Universidade de Vigo e no país de residencia da persoa participante.
- O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10. OBRIGAS

- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación, e con todas as previstas nas bases desta convocatoria.
- Comprobar os requisitos específicos da universidade de destino e que a súa oferta académica se adecúa ao plano de estudos da Universidade de Vigo, así como os requisitos lingüísticos que poidan requirirse para estudantado de mobilidade entrante na universidade de destino.
- Unha vez seleccionado/a, enviar ás universidades de destino os formularios de candidatura (*application form*) e toda a documentación requirida no prazo estipulado por estas institucións. A adxudicación da praza de mobilidade por parte da Universidade de Vigo non implica que a persoa seleccionada sexa aceptada automaticamente na institución de destino.
- Estar matriculado na Universidade de Vigo durante o período no que se desenvolve a actividade. Non se pagará matrícula na universidade de destino. Non obstante, algunha das universidades de destino poderá esixir ao estudantado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Tramitar e aboar o seu visado e asegurarse das condicións deste, sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países de fora da Unión Europea e sen permiso de residencia permanente en España.
- **Antes de iniciar a estadía**, presentar a seguinte documentación na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes, a través do Formulario de Seguimento habilitado:
 - Copia dun **seguro de asistencia en viaxes**, que deberá tramitar e aboar, que cubra o período completo de estadía, incluída a realización de exames. O estudantado recibirá instrucións desde a ORI sobre as condicións mínimas requiridas (repatriación, etc.). No caso de ampliar o período da estadía deberá comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e achegar o comprobante desta ampliación na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes.
 - Copia do contrato de estudos (*Learning Agreement*) asinado por todas as partes.. As modificacións necesarias no contrato de estudos deberán facerse no primeiro mes do cuadrimestre na universidade de destino. **Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo no curso no que se realiza a actividade, deberán ser notificadas polo estudantado á secretaría do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo persoa responsable de relacións internacionais do centro da Uvigo.** O persoal da Oficina de Relacións Internacionais non ten competencias na xestión dos contratos de estudos unha vez creados.
 - **Convenio de subvención** que lle será remitido desde a ORI e que deberá estar asinado polas dúas partes (estudentado e coordinadora institucional Erasmus) **antes do inicio da estadía**. Considerase como inicio de estadía a data na que o estudantado deba estar presente na institución de destino, ben sexa para o comezo do período lectivo ben para participar no curso de idioma impartido pola devandita institución. A data de finalización da estadía será a do último día que o estudantado deba estar presente na universidade de destino, incluíndo as datas dos exames que se deban realizar na devandita institución. O estudantado deberá comunicar estas datas á [ORI](#) coa antelación suficiente para poder realizar os trámites relacionados coa súa estadía Erasmus+.
- **Durante a estadía:**
 - Enviar a Certificación de chegada a outgoing.ori@uvigo.gal
 - O estudantado que decida reducir a súa estadía deberá comunicalo á universidade de destino, á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo e á ORI o máis axiña posible, e deberá modificar o contrato de estudos e comunicalo á secretaría de estudantado do centro de orixe. Neste caso, deberá reintegrar a parte proporcional da axuda que tivera recibido.
- **Ao finalizar a estadía** deberá:
 - Enviar o certificado de realización da estadía asinado pola universidade de destino sen emendas nen riscaduras a outgoing.ori@uvigo.gal. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- **Certificación académica orixinal (*Transcript of Records-ToR*)** expedida pola universidade de destino: o/a beneficiario deberá solicitar na universidade de destino a certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada e presentarlle á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo. No caso de non obtela antes do regreso á Universidade de Vigo, deberá solicitar que a universidade de destino envíe a certificación directamente á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo. **É responsabilidade do estudantado conseguir esa certificación.**
- Completar e enviar a enquisa UE (*EU Survey*) en liña **nos 30 días naturais posteriores** á recepción do correo electrónico para completala. De non facelo, a Universidade de Vigo poderá requirir aos/ás beneficiarios/as o reembolso da axuda financeira recibida.

11. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

A revogación da concesión desta bolsa ou a declaración da perda do dereito de cobro suporán o reintegro das cantidades xa aboadas por parte da persoa beneficiaria polos seguintes motivos

- Non realizar a estadia de mobilidade prevista.
- Non cumprir cos requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Non cumprir coas obrigas das universidades de destino ou non ter realizado ningún exame na universidade de destino sen a debida xustificación.
- Incurrir nas incompatibilidades establecidas nesta convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Perder a condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

12. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#).





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ANEXO II

REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS PARA OPTAR ÁS BOLSAS DE INTERCAMBIO
ACADÉMICO NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA171 CON TERCEIROS PAÍSES NON
ASOCIADOS Ó PROGRAMA

ALBANIA			
Universidade de destino	Universiteti Ismail Qemali Vlore (https://univlora.edu.al/)		
Nº de prazas	2	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo. Terá preferencia o estudiantado matriculado nalgunha titulación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación: - Grao de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Mestrado Universitario de Enxeñaría de Telecomunicación no curso 2023/24 .		
Criterios de selección	Para os efectos da valoración, terase en conta o expediente do curso 2023/2024 da titulación na que o estudiantado estea matriculado. Criterios descritos na Normativa de Mobilidade da EET		
Comisión de selección	Presidenta: Rebeca Díaz Redondo, directora da EET Secretaria: Edita de Lorenzo, coordinadora do proxecto Vogal: Verónica Santalla, subdirectora de relacións internacionais da EET.		
Responsable do proxecto	Edita de Lorenzo, profesora da EE Telecomunicación		

Código seguro de Verificación : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ARXENTINA			
Universidade de destino	Universidad Gastón Dachary (https://ugd.edu.ar/es/)		
Nº de prazas	1	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo. Terá <u>preferencia</u> o estudiantado cos 50 % dos créditos do grao superados en titulacións de Administración de empresas, Dereito, Xestión Pública, Comunicación Audiovisual		
Criterios de selección	Prelación de alumnos/as dos programas de doutoramento sobre os de mestrado, e destes sobre os de grao. O criterio de clasificación será a nota media de expediente académico do título de grao ou dos estudos de grao en curso.		
Comisión de selección	Presidente: Francisco. Xavier Martínez Cobas Secretario: Carlos M. Fernández-Jardón Vogal: Angel Barajas Alonso		
Responsable do proxecto	Fco. Xavier Martínez Cobas		





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

BOSNIA E HERCEGOVINA			
Universidades de destino	University of Tuzla (http://untz.ba/en/study/)		
	International Burch University*		
Nº de prazas	7	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo. Terá preferencia o estudiantado matriculado nalguna titulación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación: - Grao de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Mestrado Universitario de Enxeñaría de Telecomunicación no curso 2023/24 e cumprir coa Normativa de Mobilidade da EET aprobada pola súa Xunta de Escola e que se pode ver nesta ligazón: normativa ou no programa no programa de doutoramento Doc-TIC: - carta da persoa titora de DocTic aceptando a estancia - carta de convite da persoa receptora na universidade de Bosnia-Herzegovina. - proxecto do traballo a desenvolver alí (definición, obxectivos e planificación)		
Criterios de selección	1. Para estudantes de grao e mestrado os que aparecen descritos na Normativa de Mobilidade da EET incluíndo o curso 2023-2024. 2. Para estudantes de doutoramento o seu curriculum académico: -Valoración del expediente académico previo 50 % -Valoración de publicaciones (considerando en revistas y congresos) 50 %		
Comisión de selección	Presidenta: Rebeca Díaz Redondo, directora da EET Secretarí: Edita de Lorenzo, coordinadora do proxecto Vogal: Verónica Santalla, subdirectora de relacións internacionais da EET.		
Responsable do proxecto	Edita de Lorenzo, profesora da EE Telecomunicación		





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

BOSNIA E HERCEGOVINA			
Universidade de destino	University of East Sarajevo (https://www.ues.rs.ba/en/ues/)		
Nº de prazas	2	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadia na Universidade de Vigo. Terá preferencia o estudiantado matriculado no grao en Xeografía e Historia, no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, no mestrado universitario en Valoración, Protección e Xestión do Patrimonio Cultural ou no Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural a) estudantes de grao: Nota media sobre 10 incluíndo curso 2023-2024. b) estudantes de mestrado. Nota media sobre 10 do grao e do mestrado. c) doutorandos/as: Valorarase a calidade e impacto dunha selección realizada polo/a candidato/a dun máximo de 5 artigos e un máximo de 5 contribucións en congresos nos que figure como autor/a. Soamente serán avaliados os méritos publicados (en papel ou formato electrónico) na data de fin de presentación das solicitudes. Documentación xustificativa: achegar copia dos méritos. Artigos en revistas no primeiro e segundo cuartil JCR, SJR-Scopus: 10 puntos Artigos en revistas no terceiro e cuarto cuartil JCR, SJR-Scopus: 8 puntos Artigos noutras revistas: 5 puntos *Os puntos de cada artigo ponderaránse por: 1 (se o solicitante é o primeiro autor), 0,8 (se o solicitante é o segundo autor) e 0,6 (de terceiro en adiante) -Contribucións a congresos internacionais: 3 puntos -Contribucións a congresos nacionais: 2 puntos. *Os puntos de cada contribución a congreso ponderaranse por: 1 (se o/a solicitante é 1º autor/a), 0,8 (se o/a solicitante é 2º autor/a) e 0,6 (de 3º en adiante)		
Criterios de selección			
Comisión de selección	Presidenta: Susana Rebores Morillo. Profesora titular da Facultade de Historia Secretaria: Elena de Uña. Profesora titular da Facultade de Historia Vogal: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI		
Responsable do proxecto	Susana Rebores Morillo (Facultade de Historia)		





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

BRASIL			
Universidade de destino	Universidade Regional do Noroeste do Estado do Rio Grande do Sul (https://www.unijui.edu.br/)		
Nº de prazas	1	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo. Terá <u>preferencia</u> o estudiantado co 50 % dos créditos do grao superados en Administración de Empresas, Economía, Comercio.		
Criterios de selección	Prelación de alumnado dos programas de doutoramento sobre o de mestrado, e deste sobre o de grao. O criterio de clasificación será a nota media de expediente académico do título de grao ou dos estudos de grao en curso (incluíndo o curso 2023-2024).		
Comisión de selección	Presidente: Carlos M. Fernández Jardón Secretario: Fco. Xavier Martínez Cobas Vogal: Angel Barajas Alonso		
Responsable do proxecto	Carlos M. Fernández-Jardón		

Código seguro de Verificación : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

CABO VERDE			
Universidade de destino	Universidade de Cabo Verde* (https://www.unicv.edu.cv/pt/)		
Nº de prazas	3	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo. <u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado no Programa de Doutoramento <i>Marine Science, Technology and Management</i> (DO*MAR). O/a estudante deberá contar coa aprobación do/da director/a de tese na súa proposta de mobilidade.		
Criterios de selección	a. <u>Méritos Curriculares do/da solicitante (Máximo 70 puntos)</u> - Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. - Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) ata a data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente. - Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autores, a puntuación baixará segundo o seguinte rango: - ata 3 autores/as a puntuación total - ata 6 autores/as 10 % - ata 9 autores/as 20 % - ata 12 autores/as 30 % - ata 15 autores/as 40 % - mais de 15 autores/as 50 % a.1. Comunicaci3ns a congresos, simposios e reuni3ns científicas. Documentaci3n xustificativa: valorarase a participaci3n (non a simple asistencia) a congresos con Comité Científico. Deberase presentar o certificado de asistencia e participaci3n, onde conste o traballo presentado. A equivalencia estará en funci3n do nivel do congreso (nacional ou internacional): - Internacionais 2 - Nacionais 1 a.2. Publicaci3ns <u>REVISTAS:</u> Criterios de clasificaci3n Documentaci3n xustificativa: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicaci3n, o nome da revista e os autores e autoras. A edici3n de teses de doutoramento e os resumos de comunicaci3ns a congresos aínda que sexan publicados nunha revista periódica non se considerarán neste apartado. Ponderaranse tendo en conta os criterios das axencias avaliadoras dos méritos de investigaci3n para os diferentes campos científicos. Terán preferencia as revistas JCR e puntuaranse en funci3n do cuartil, partindo do seguinte baremo:		



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

	Revista JCR: • Q1 15 • Q2 10 • Q3 y Q4 5 Revista indexada noutras bases de datos 1 <u>MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN:</u> Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas. Documentación xustificativa: Monografías e libros enteiros: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do libro. Capítulos de libro: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do capítulo. As puntuación máximas para conceder son: Monografías e libros enteiros <table><tr><td>Nacionais</td><td>10</td></tr><tr><td>Internacionais</td><td>15</td></tr></table> Capítulos <table><tr><td>Nacionais</td><td>3</td></tr><tr><td>Internacionais</td><td>6</td></tr></table> Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN. b) <u>Proposta de mobilidade/plan de actividades (Máximo 30)</u> Interese, calidade e viabilidade da proposta de actividades para a formación do solicitante. Documentación xustificativa: Plan de traballo.	Nacionais	10	Internacionais	15	Nacionais	3	Internacionais	6
Nacionais	10								
Internacionais	15								
Nacionais	3								
Internacionais	6								
Comisión de selección	Presidente: Daniel Rey García, director do Campus do Mar. Secretaria: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI Vogal: Noelia Estévez Calvar, persoal de Campus do Mar.								
Responsable do proxecto	Daniel Rey								





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ECUADOR			
Universidade de destino	Escuela Superior Politécnica de Chimborazo (https://www.esPOCH.edu.ec/#)		
Nº de prazas	1	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo. Terá preferencia o estudiantado con 60 ECTS cursados nos graos de Enxeñería dos Recursos Mineiros e Enerxéticos ou en Enxeñería da Enerxía.		
Criterios de selección	Segundo nota media de todo o expediente académico incluíndo o curso 2023-2024.		
Comisión de selección	Presidente: Elena Alonso Prieto, Directora da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía Secretaría: Amelia Piña Rodríguez, Directora Técnica da ORI Vocal: María Ángeles Saavedra González, Profesora Titular da Universidade de Vigo no Departamento de Estatística e Investigación Operativa		
Responsable do proxecto	José Santiago Pozo Antonio e Francisco Javier Deive Herva		

Código seguro de Verificación : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

MONTENEGRO			
Universidade de destino	Mediterranean University UNIM - Podgorica (https://unimediterran.net/?lang=en)		
Nº de prazas	2	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo. Terá preferencia o estudiantado matriculado nalgunha titulación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación: • Grao de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación • Mestrado Universitario de Enxeñaría de Telecomunicación no curso 2023/24 e cumprir coa Normativa de Mobilidade da EET aprobada pola súa Xunta de Escola e que se pode ver nesta ligazón: normativa		
Criterios de selección	Os que aparecen descritos na Normativa de Mobilidade da EET incluíndo o curso 2023-2024.		
Comisión de selección	Presidenta: Rebeca Díaz Redondo, directora da EET Secretaría: Edita de Lorenzo, coordinadora do proxecto Vogal: Verónica Santalla, subdirectora de relacións internacionais da EET.		
Responsable do proxecto	Edita de Lorenzo, profesora da EE Telecomunicación		

Código seguro de Verificación : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

XEORXIA			
Universidade de destino	Ivane Javakhishvili Tbilisi State University (https://www.tsu.ge/en)		
	Batumi Shota Rustaveli State University (https://bsu.edu.ge/?lang=en)		
Nº de prazas	1	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadia na Universidade de Vigo. <u>Terá preferencia, en primeiro lugar,</u> o estudantado matriculado no Mestrado Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) e, no segundo lugar, o estudantado matriculado no programa de doutoramento Tradución & Paratradución (T&P) . Deberá achegarse unha carta de expresión de interese dirixida ben ao Prof. Dr. José Yuste Frías (jyuste@uvigo.es) ou ao Prof. Dr. Óscar Ferreiro Vázquez (oferreiro@uvigo.es) . Para as prazas deberase acreditar coñecementos da lingua inglesa mediante certificado oficial dun mínimo de B1.		
Criterios de selección	A selección realizarase outorgando prioridade ao estudantado de mestrado e, en segundo lugar, ao de doutoramento. Valorarase o expediente académico (40 %), xunto co Currículum Vitae (CV) da persoa solicitante (60 %) incluíndo o curso 2023-2024. No CV avaliarase: • (20 %) a cantidade e a calidade das actividades formativas realizadas (cursos, xornadas, estadias previas, etc.) • (40 %) a cantidade e a calidade das actividades de investigación (publicacións, participación en proxectos, asistencia a congresos, etc.).		
Comisión de selección	Presidente: Prof. Dr. José Yuste Frías, coordinador do Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional. Secretario: Óscar Ferreiro Vázquez, secretario do Mestrado Vogais: Profª. Drª Ana Luna Alonso, coordinadora do programa de Doutoramento Tradución & Paratradución, Prof. Dr. Alberto Álvarez Lugrís, secretario do programa de Doutoramento Tradución & Paratradución e Prof. Dr. Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy, corresponsable do proxecto.		
Responsable do proxecto	Óscar Ferreiro Vázquez , José Yuste Frías		

Código seguro de Verificación : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

XEORXIA			
Universidade de destino	Business and Technology University* (https://btu.edu.ge/en/stsavla/programebi/)		
Nº de prazas	1	Duración	5 meses
Requisitos académicos	Estar matriculado/a no curso 2023/24 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo. <u>Terá preferencia</u> o estudiantado dalgunha titulación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (FCEE) da Universidade de Vigo e durante toda a duración da estadía. Para as prazas deberase acreditar coñecementos da lingua inglesa mediante certificado oficial dun mínimo de B2		
Criterios de selección	Os que aparecen descritos na Normativa de Mobilidade da FCEE de Vigo incluíndo o curso 2023-2024.		
Comisión de selección	Presidenta: Mª Carmen Otero Neira, Coordinadora do proxecto Secretaria: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI Vogal: Juan Cabaleiro Vaquero, Técnico da Vicerreitoría de Internacionalización		
Responsable do proxecto	Mª Carmen Otero Neira		

Código seguro de Verificación : GEN-11aa-94fc-b198-e6d0-af89-a4a1-6415-2acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

